

**Sesión ordinaria do pleno do concello 28.12.2020.
Decreto convocatoria**

Examinada a relación de asuntos remitida pola Secretaría, considerando o tratado na sesión da Xunta de Portavoces do día 22.12.2020, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio das atribucións que lle confiren os artigos 124.4.d) da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, 43.1 do Regulamento orgánico do Pleno e as súas comisións (ROP) e 13-2-d) do Regulamento orgánico do goberno e da administración municipal do Concello de Pontevedra, DECRETA:

Primeiro.-

Convocar aos membros do Pleno do Concello á sesión ordinaria que terá lugar o día **28.12.2020**, no Teatro Principal, ás **11:00 horas** en primeira convocatoria, ou 2 días hábiles despois, á mesma hora, en segunda convocatoria, de non obterse quórum suficiente na primeira, quórum que será dun terzo dos seus membros.

Á sesión poderá asistirse presencialmente ou telematicamente a través de videoconferencia. Remítiranse por correo electrónico as instrucións para entrada na sala virtual.

Segundo.-

Fixar a seguinte orde do día:

A) Aprobación da acta da sesión anterior.

1. Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria de 23.11.2020 (CSV: OAOTMQF4UNQVOZCW).

B) Parte resolutiva:

2. Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, da modificación da Ordenanza reguladora da actividade de furanchos e loureiros no Concello de Pontevedra. 2020/ORDRG/000002.

3. Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación definitiva, no seu caso, do expediente de disolución e supresión do organismo autónomo Pazo de Congresos e Exposicións. 2020/XENSEC/000038.

4. Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, do convenio de colaboración coa asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental para a organización e desenvolvemento de actividades de promoción do comercio. 2020/SUBDIREC/000034.

5. Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, da proposición do municipal do Partido Popular para a posta en funcionamento dun plan de compromiso social. 2020/INIPLENO/000037.

6. Ratificación da súa inclusión por urxencia e aprobación, no seu caso, da proposición do grupo municipal do Partido Popular de Pontevedra para instar ao goberno central o incremento significativo das partidas orzamentarias destinadas a Galicia e a Pontevedra para o 2021. 2020/INIPLENO/000038.

C) Mocións urxentes.

D) Control e seguimento do Goberno Local.

7. Coñecemento de resolucións e decretos. (2020/RESMENSUAL/0000012).

8. Toma de coñecemento de Decreto da Alcaldía, de 30.11.2020, de delegación no Director Xeral de Seguridade Cidadá da iniciación dos procedementos sancionadores por infraccións da normativa en materia de consumo de bebidas alcohólicas. 2020/AREASDELEG/000006.

9. Toma de coñecemento de acordo da Xunta de Goberno Local, de 30.11.2020, de delegación de competencias de determinados procedementos sancionadores. 2020/DELEGXGL/000002.

10. Preguntas.

11. Rogos.

Terceiro.- Dar traslado da presente:

- Aos concelleiros e concelleiras e á Intervención municipal, de conformidade co art. 65 do ROP.
- Ao Gabinete de Comunicación para que se efectúen os correspondentes anuncios á prensa, debendo de achegar xustificantes de así telo efectuado.
- Ao servizo de Secretaría e Asuntos Xerais para a súa publicación no taboleiro de edictos do Concello desde o momento mesmo da convocatoria, debendo de remitilo de volta, debidamente dilixenciado de exposición, logo da celebración da sesión.

* Os expedientes dos asuntos incluídos na orde do día da presente sesión encóntranse á súa disposición na pestaña favoritos do seu perfil de usuario de CIVIDAS. Poderán acceder a través dos ordenadores instalados no Concello aos grupos municipais ou, no seu defecto, a través dos ordenadores da Secretaría do Concello.

Pontevedra, á data da sinatura.

